

XIII ENCONTRO DE TORNEIROS EN GALICIA

Do 19 ao 22 de setembro de 2013
Polideportivo Municipal de Xermade, Lugo

XOVES, 19 de setembro de 2013

16:00–19:30 Demostracións para os inscritos:

Elisabeth Molimard. *Baleirado dunha esfera e pirogravado*. www.elisabeth-molimard.com

Yann Marot. *Ángulo de corte: como acadar un bo corte coa ferramenta*. www.yannmarot.com

Nicolas Gaussen. *Torneado de multieixes, tres bolas labradas e texturas*. www.nicolasgaussen.fr

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

16:00–19:30 Workshop *Ferramentas para a nova cociña* impartido por Martín Azúa. www.martinazua.com

Dirixido a deseñadores e artesáns.

BIBLIOTECA MUNICIPAL

16:00–20:30 Exposición e venda de produtos de Artesanía de Galicia, maquinaria, ferramentas e publicacións.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

16:00–20:30 Contornos. VI Exposición Itinerante de madeira torneada.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

17:30 Inauguración oficial

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

VENRES, 20 de setembro de 2013

10:00–19:30 Demostracións para os inscritos:

Elisabeth Molimard. *Baleirado dunha esfera e pirogravado*. www.elisabeth-molimard.com

Yann Marot. *Ángulo de corte: como acadar un bo corte coa ferramenta*. www.yannmarot.com

Nicolas Gaussen. *Torneado de multieixes, tres bolas labradas e texturas*. www.nicolasgaussen.fr

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

10:00–19:30 Workshop *Ferramentas para a nova cociña* impartido por Martín Azúa. www.martinazua.com

Dirixido a deseñadores e artesáns.

BIBLIOTECA MUNICIPAL

10:00–20:30 Exposición e venda de produtos de Artesanía de Galicia, maquinaria, ferramentas e publicacións.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

10:00–20:30 Contornos. VI Exposición Itinerante de madeira torneada.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

14:00–16:00 Xantar

SÁBADO, 21 de setembro de 2013

10:00–19:30 Demostracións dos relatores abertas ao público POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

10:00–19:30 Workshop *Ferramentas para a nova cociña* impartido por Martín Azúa. www.martinazua.com

Dirixido a deseñadores e artesáns.

BIBLIOTECA MUNICIPAL

10:00–20:30 Exposición e venda de produtos de Artesanía de Galicia, maquinaria, ferramentas e publicacións.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

10:00–20:30 Contornos. VI Exposición Itinerante de madeira torneada.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

12:00–13:30 Conferencia *Identificación de árbores e madeiras* por Jesús García Albá.

SALÓN DE ACTOS DO C.E.I.P. DE XERMADE

14:00–16:00 Xantar

16:00–17:00 Conferencia *Vernices na construción de violíns* por José Catoira

SALÓN DE ACTOS DO C.E.I.P. DE XERMADE

16:30–19:30 Espazo de iniciación ao torneado supervisado por monitores

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

17:00–18:00 Selección das pezas da VII Exposición itinerante de madeira torneada

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

DOMINGO, 22 de setembro de 2013

10:30–11:30 Foro de opinión e análise de situación do torneado de madeira entre os asistentes

SALÓN DE ACTOS DO C.E.I.P. DE XERMADE

10:30–11:30 Demostracións por parte dos relatores aberta ao público

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

11:30–12:30 Conferencia *Producción local unha esixencia do deseño contemporáneo* por Martín Azúa.

SALÓN DE ACTOS DO C.E.I.P. DE XERMADE

10:00–14:00 Exposición e venda de produtos de Artesanía de Galicia, maquinaria, ferramentas e publicacións.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

10:00–14:00 Contornos. VI Exposición Itinerante de madeira torneada.

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

13:30 Entrega de premios e clausura oficial

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

*Colocarase un panel, exclusivo para esta finalidade, onde os participantes que desexen intercambiar madeiras e obxectos, relacionados co torneado, podan contactar.

*Inscripcións na páxina web www.artesaniadegalicia.xunta.es, no correo electrónico formacion.artesania@xunta.es ou no teléfono +34 881 999 174.

Normativa

VII exposición itinerante de madeira torneada

1. Presentación

Todos os inscritos no XIII Encontro de Torneiros en Galicia, antes do 16 de setembro de 2013, poderán presentar ata un máximo de 3 pezas susceptibles de formar parte da VII Exposición Itinerante de Madeira Torneada.

2. Escolma

A escolma de pezas da VII Exposición Itinerante de Madeira Torneada será realizada polo deseñador Martín Azúa en base aos criterios de deseño, potencial de adaptación ao mercado contemporáneo, e calidade técnica e formal das pezas propostas.

A persoa encargada de realizar a escolma poderá escoller máis dunha peza do mesmo participante, e en base aos criterios descritos anteriormente resérvase o dereito de non escoller ningunha peza se así o estima oportuno.

3. Xestión da exposición

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño dará publicidade e xestionará a presentación desta exposición nos lugares e medios que considere axeitados para o bo desenvolvemento da mesma ao longo do ano 2014.

4. Devolución das pezas

As pezas escollidas serán devoltas aos seus propietarios no XIV Encontro de Torneiros en Galicia a celebrar en setembro de 2014.

Premio Contornos 2013

1. Convocatoria

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño convoca aos inscritos no XIII Encontro de Torneiros en Galicia a participar nos Premios Contornos 2013.

2. Participantes

Todos os inscritos no XIII Encontro de Torneiros en Galicia, antes do 16 de setembro de 2013, poderán presentar unha única peza a estes premios. A peza presentada tamén poderá ser seleccionada para a VII Exposición Itinerante de Madeira Torneada.

3. Prazo de presentación

A peza proposta se poderá colocar no espazo que sinala a organización dende as 16:00 horas do 19 de setembro ás 12:00 horas do 21 de setembro.

4. Premios

Os Premios Contornos 2013 consistirán en:

1^{er} Premio: 600€

2^o Premio: 300€

Aos premios se lles realizará a retención que se establece por lei.

Os autores das pezas galardoadas cederán a súa propiedade á Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

As pezas galardoadas formarán parte directamente da VII Exposición Itinerante de Madeira Torneada.

5. Votacións

Os premios serán resultado da votación dos inscritos no XIII Encontro de Torneiros en Galicia, antes do 16 de setembro de 2013. Os inscritos que á súa vez participen nestes premios non poderán votar polas súas propias pezas.

As votacións se poderán realizar dende as 12:00 horas do 21 de setembro ata as 11:00 horas do 22 de setembro.

A organización queda facultada para resolver sobre aspectos non contemplados nesta normativa así como sobre todas as cuestións que podan suscitarse con motivo deste concurso.

6. Entrega dos premios

A entrega dos premios se realizará no acto de clausura do XIII Encontro de Torneiros en Galicia que terá lugar o día 22 de setembro no Polideportivo municipal de Deportes de Xermade ás 13:30 horas.

O pago de dito premio será realizada por transferencia bancaria ao número de conta que indiquen os galardoados sempre que certifiquen que non teñen débedas coa Administración de Facenda e Seguridade Social.

7. Aceptación das bases

A participación nestes premios supón a aceptación plena da súa normativa, e a súa interpretación lle corresponde á organización.

Colabora:



Organiza:

